

A high-action photograph of a male swimmer in a pool, captured mid-stroke. He is wearing black swim goggles and a black swim cap. His right arm is extended forward, and his left arm is bent. The water is splashing around him, creating a dynamic and energetic scene. The background is a deep blue, and the overall tone is professional and athletic.

# Informe SETrg de impacto económico 2015

XXI CAMPEONATO DE ESPAÑA "OPEN" DE INVIERNO NATACIÓN

**MASTERS** PONTEVEDRA



# INDICE

## 1. Contextualización e descripción do evento

## 2. Metodoloxía

## 3. Información obtida das enquisas

## 4. Resultados

## 5. Conclusións

O presente informe corresponde ao contrato de investigación asinado polo Instituto Municipal de Deportes (IMD) do Concello de Pontevedra e a Universidade de Vigo para analizar os efectos económicos xerados da celebración no municipio de Pontevedra do XXI Campionato de España "Open" de Inverno Master de Natación celebrado en Pontevedra do 19 ao 22 de febreiro de 2015 baixo a organización conxunta do Club Natación Galaico e a Real Federación Española de Natación (R.F.E.N.) a partir da realización dunha enquisa específica para o evento. De igual modo analízase o perfil dos asistentes.

**Elaborado por:**



SETrg é un grupo de investigación da Universidade de Vigo en Economía do Deporte, Industria do Ocio e Turismo (Sport, Entertainment & Tourism).

**Compoñentes:**

Ángel Barajas Alonso  
Thadeu Miranda Gasparetto  
María Jesús Rodríguez Gulías  
Alberto Rodríguez Rodríguez  
Jesyca Salgado Barandela  
Patricio Sánchez Fernández (I.P.)

**Contacto:**

Facultade de Empresariais e Turismo  
Campus Universitario  
32004 OURENSE

Tfno: 988 36 87 00

Fax: 988 36 89 23

Email: [abarajas@uvigo.es](mailto:abarajas@uvigo.es), [patricio@uvigo.es](mailto:patricio@uvigo.es)

Web: <http://mbadeporte.webs.uvigo.es/>

Mayo 2015

## 1. Contextualización e descrición do evento

Pontevedra conta cunha importante afección popular, con instalacións deportivas para moitas disciplinas deportivas e cun gran número de clubs e deportistas federados, isto reflíctese coa presenza das federacións deportivas territoriais das diferentes disciplinas deportivas. O municipio de Pontevedra é coñecido como berce de deportistas de alto nivel e é a sede do Centro Galego de Tecnificación Deportiva que actualmente alberga dez modalidades diferentes. Esta tradición deportiva viuse reforzada coa consolidación dos estudos universitarios na Facultade de CC. da Educación e Deporte no Campus de A Xunqueira.

Así mesmo, Pontevedra foi sede durante os últimos anos de eventos deportivos a nivel nacional e incluso internacional. No referente ao ano 2015 o calendario xa confirmado conta con dezaseis eventos de rango nacional ou internacional.

En canto á natación de competición en Pontevedra, a vila ten dous clubs de natación o coñecido como Club Natación Galaico que conta con sección de masters e o Club Natación PonsVetus. O primeiro deles situou a natación pontevedresa na elite a nivel nacional. Pontevedra posúe instalacións aptas para a práctica

de competicións, entre as que destacan tres piscinas: Complexo Deportivo Rías do Sur, Estadio da Xuventude e Campolongo.

O Campionato de España "Open" de Inverno Master de Natación celebrado en Pontevedra nas instalacións do Complexo Deportivo Rías do Sur nos días 19, 20, 21 e 22 de febreiro de 2015, contou coa participación de 1.272 nadadores de distintas comunidades españolas e tamén coa presenza de equipos estranxeiros. Este acontecemento deportivo coñecido como natación masters, é un tipo de competición que se expandiu na década dos 80 e é organizada por clubs ou federacións para nadadores de 25 ou máis anos onde os participantes compiten en categorías que teñen un rango de 5 anos e realizan dous tipos de probas: individuais e relevos.

Os participantes conforman a maioría dos asistentes a este campionato e non adoita haber acompañantes.





## 2. Metodoloxía

O estudo realizado céntrase na análise dos efectos económicos derivados da celebración, no municipio de Pontevedra, do XXI Campionato de España "Open" de Inverno Master de Natación entre as datas do 19 e 22 de febreiro do 2015. Para o seu análise utilízase o método de custo-beneficio (ACB), ferramenta importante para a toma de decisións por parte dos responsables da organización dos mesmos e moi eficaz para avaliar os impactos socioeconómicos derivados da celebración dos eventos.

A información necesaria acadouse mediante a realización de entrevistas aos organizadores e unha enquisa aos asistentes, xa fose como participantes ou como espectadores. Finalmente, realizouse una estimación do impacto directo producido por ambos.

No caso do evento analizado, a celebración do XVIII Campionato de España "Open" de Inverno Master de Natación en

### Fases do método custo-beneficio.

- A** Identificación dos custos e beneficios
- B** Valoración en unidades monetarias
- C** Obtención do resultado: positivo ou negativo

Pontevedra, podemos observar na ilustración seguinte os custos e beneficios, tanxibles e intanxibles que se poden producir.

### Beneficios e custos do evento



## 2.1. Obtención de datos: entrevistas e enquisas

Os datos acadáronse mediante a realización de entrevistas aos organizadores e unha enquisa aos asistentes. En total, enquisáronse 324 persoas, o que implica unha marxe de erro do 5% cun nivel de confianza do 95%. A mostra anterior reflexou que o 95,1% non residía en Pontevedra. As entrevistas á organización foron tanto previas como con posterioridade ao evento e realizáronse de maneira directa e persoal. Así mesmo, dende a organización facilitáronse os datos solicitados e responderon ás cuestións realizadas dende o equipo de investigación.

## 2.2. Estimación do impacto económico

### Estimacións relativas ao gasto

A información recollida nas entrevistas e enquisas serviu de base para a estimación do importe total do impacto económico do evento na cidade. As estimacións calculáronse de forma directa e indirecta. Por un lado, a información procedente das entrevistas e as enquisas facilitou algúns datos que se puideron aplicar directamente ao cálculo.

Por outro lado, para aqueles elementos de ingreso ou custo sen información directa, foi preciso realizar unha estimación indirecta. No caso dos espectadores resulta imprescindible extrapolar os datos procedentes das enquisas ao público total asistente estimado.

### Estimacións relativas aos asistentes

Para considerar o público total asistente ao evento partiuse do número de inscritos no campionato. A esa cifra restouse os inscritos dos dous clubs de Pontevedra, C.N. Galaico e C. N. Máster Pons Vetus. Ademais dos participantes, asistiron algúns espectadores que non competían, esta cifra hai que sumala ao total de inscritos. Por último, é necesario descontar aqueles que pensaban vir noutro momento e cambiaron a data facéndoa coincidir co campionato (*time-switchers*) e aqueles que participaron na competición porque se encontraban xa na cidade (*casuals*).

### Estimacións relativas á organización

Para efectuar a estimación directa do impacto económico preguntouse á Organización sobre os gastos en que incorreron para celebrar o Campionato, e que ingresos obtiveron para financeiro. A Organización proporcionou os datos económicos relativos ao evento, analizados naqueles realizados fóra da cidade de Pontevedra e os que se efectuaron nela. Deste xeito, a partir desa información, determináronse os efectos positivos e negativos para Pontevedra.

Con respecto aos gastos, distinguiuse se os provedores eran de fóra de Pontevedra, cuxos importes supoñen un custo para a cidade. Se eran da cidade, considéranse un ingreso para esta. O gasto relacionado con provedores de fóra de Pontevedra implica un efecto negativo para esta, xa que supón unha perda de riqueza para a cidade.



Efecto dos gastos e ingresos da Organización do Campionato de España “Open” de inverno Master de Natación.



### 3. Información obtida das enquisas

#### 3.1. Perfil de los participantes-espectadores

Outro dos obxectivos do estudo é coñecer o perfil dos asistentes ao Campionato de España "Open" de inverno Master, incluíndo tanto os participantes coma os espectadores. Para iso na enquisa formuláronse unha serie de preguntas que axudan a definir o público asistente.

O primeiro asunto de interese é que de feito constitúe unha característica moi relevante desta competición é, que unha ampla maioría dos asistentes a este evento son participantes (86,4%). Isto é, só un 13,6% dos enquisados son espectadores.

Polo que se refire ás características demográficas habituais neste tipo de

estudios hai que sinalar que un 64,3% son homes e un 35,7% dos asistentes son mulleres. Polo tanto, nun campionato destas características participan de xeito indistinto persoas de ambos sexos. Con respecto á idade, non encontramos un perfil claramente definido. Participan persoas de idades moi dispares, isto tamén pode estar influído porque neste campionato existen categorías que van dende os 20 anos en diante.

Ao tratarse dun Campionato de ámbito estatal, os asistentes a este evento proceden de case todas as comunidades de España. Non obstante, dáse unha importante concentración de persoas procedentes de determinadas comunidades, a saber: Madrid (20,5%), Cataluña (11,0%), Comunidade Valenciana (10,1%), Andalucía (9,4%), e Galicia (8,8%). Este feito vén motivado porque a maioría dos equipos participantes proveñen destas provincias que, ademais, son sede dos equipos máis importantes a nivel nacional na natación master.

#### Distribución dos clubs españois participantes





Atendendo ao nivel educativo dos entrevistados, observamos como un 79,2% manifesta que ten un título de educación superior, mentres que o 10,7% só alcanza o nivel educativo de formación profesional.

Así mesmo, referente á profesión tampouco se observa un perfil claramente definido. En todo caso cabe sinalar que as profesións que máis se repetiron son: xubilado (8%), estudante, enxeñeiro e mestre (7%), monitor de natación (5%), funcionario (5%) e administrativo (4%).

Nesta enquisa tamén aparecen avaliados o nivel de ingresos dos asistentes. Un 28,7% manifesta que os seus ingresos superan os 30.000 euros anuais. Por outra banda, o 22,8% declara que o seu nivel adquisitivo atópase entre os 20.000 e 30.000 euros.

Con respecto ás cuestións organizativas do evento, un aspecto de interese refírese a como se decataron da celebración do Campionato de España "Open" de Inverno Master. Neste caso, lóxicamente, máis do 80% das persoas enquisadas recoñece que se decatou a través do club ao que pertence. Igualmente, da enquisa despréndese que case o 100% dos asistentes ao evento acudiron unicamente con mo-

tivo da celebración do campionato.


Cabe resaltar que mentres están na cidade, os asistentes aproveitan esta visita para realizar outro tipo de actividades. Un 88,3% dos enquisados afirma que comerá en restaurantes da cidade, e un 37,0% tamén manifestou a súa intención de realizar compras nesta.

En relación á asistencia a este evento hai que ter en conta que o campionato tiña unha duración de 4 días (de xoves a domingo). Polo tanto, a media dos días que os asistentes pasaron na cidade (3,8), case coincide con esta cifra. A partir disto cabe mencionar que un 88,0% recoñece que vai pasar a noite na cidade e arredores e só un 12,0% non o fixo. Máis da metade dos asistentes (un 55,5%) manifesta que pasará 3 noites na cidade.

O aloxamento escollido pola gran maioría e o que prefiren os enquisados é o hotel. A devandita opción representa un 81,5%.

A partir das preguntas referentes ao que os asistentes tiñan pensado gastar en Pontevedra ao longo da súa estancia, determinouse que o gasto por persoa sería de 278 euros. Un 32,8% do gasto adicariano o aloxamento, mentres que un 25,7% estaría destinado a manutención.

### Distribución do gasto dos asistentes.





A totalidade dos enquisados afirma que lle gustaría volver en anos posteriores a Pontevedra. Máis en concreto, esta afirmación realizouna un 97,5%. Por outro lado, un 97%, confirmou sentir-se satisfeito coa organización do Campionato de España "Open" de inverno Master.

Tanto a imaxe da cidade de Pontevedra como o lugar para celebrar o evento e a imaxe do evento en xeral, recibiu unha puntuación moi positiva por parte dos enquisados, en ambos os dous casos é superior ao 4, sendo a puntuación máxima un 5. En canto á imaxe de Pontevedra como un lugar de destino de vacacións a puntuación obtida tamén foi positiva, obtendo un 3,8 de media.

Á hora de comparar este evento con outros campionatos deste estilo aos que acudisen, non existe unha tendencia clara. Un 42,2% pensa que esta mellor mentres que o outro 42,2% considera que o campionato de Pontevedra é igual aos demais campionatos da súa categoría.

Con respecto á pregunta de se os enquisados son seguidores de eventos

## Valoración da imaxe de Pontevedra.

|                                                     |     |
|-----------------------------------------------------|-----|
| Imaxe do evento en xeral                            | 4,4 |
| Imaxe da cidade como lugar de celebración do evento | 4,1 |
| Imaxe da cidade como destino de vacacións           | 3,8 |

deportivos, un 95,8% manifesta que si, mentres que só un 4,2% declara que non é seguidor.

Por último, para rematar de definir o perfil do asistente, preguntóusel as súas preferencias deportivas. Evidentemente un 41,5% reconece ser afeccionado á natación. Pero cabe destacar que un 13,2% é afeccionado ao fútbol, case un 8% reconece que lle gusta o tenis, un 7,4% é afeccionado ao ciclismo e un 7% ao baloncesto.

## 3.2. Información turística

Na enquisa, tamén se lles preguntou aos asistentes acerca de cuestións relacionadas co turismo e a imaxe que eles teñen da cidade de Pontevedra.

Das persoas que contestaron cal é a súa zona favorita da cidade de Pontevedra, pódese concluír a preferencia dunha ampla maioría polo casco vello ou zona antiga da cidade.

No referente ás zonas que menos lles gustaron da cidade as máis mencionadas polos enquisados foron, a planta de celulosa, a zona que rodea a piscina na que se celebrou o campionato, e os arredores da cidade de Pontevedra.



## 4. Resultados

### 4.1. Resultados referidos aos asistentes

#### Gasto medio por persoa asistente o evento.

Na enquisa preguntouse sobre os gastos realizados na cidade. A nosa experiencia indícanos que as preguntas que máis reticencias provocan á hora de responder as enquisas son os referentes aos aspectos económicos. Por ese motivo, formulamos tres posibilidades á hora de responder: analizar o gasto, dar un valor estimado do gasto en conxunto ou sinalar tramos de gasto.

O gasto medio por persoa foi de 278 euros. Para o seu cálculo, realizamos unha media ponderada do gasto obtido en función do conxunto de respostas.

#### Número de persoas que xeran impacto económico

Empregamos o dato de 1.272 inscritos para realizar os cálculos do impacto

económico. A esa cifra restámoslle os inscritos dos dous clubs de Pontevedra, C.N. Galaico e C. N. Master Pons Vetus, con 13 e 10 participantes, respectivamente. Así, o dato co que traballaremos será de 1.249 persoas.

Ademais dos participantes, asistiron algúns espectadores que non competían. O resultado foi que o 13,6 % dos enquisados eran espectadores. A partir dese dato obtivemos, que cada 6,3 participantes había un acompañante ou espectador, o que implica que, sobre 1.249 participantes, terían ido ao evento 198 espectadores. Iso supón que o total de persoas con impacto económico na cidade sería 1.447.

Finalmente, temos que descontarlle os (time-switchers) e os (casuals) do evento.

#### Impacto económico dos asistentes

Unha vez determinadas as persoas que van ocasionar unha repercusión económica na cidade, multiplicamos esa cifra polo gasto medio.

Polo tanto, o importe que os asistentes ao Campionato Master de Natación gastaron é de **401.154 euros**.

#### Número de persoas que xeran impacto económico

| NON RESIDENTES | TIME-SWITCHERS | CASUALS | PERSOAS CON IMPACTO |
|----------------|----------------|---------|---------------------|
| 1.447          | 4              | 0       | 1.443               |



## 4.2. Resultados referidos a organización


### Impacto económico positivo na cidade de Pontevedra

Dende o punto de vista económico, son positivos para a cidade aqueles gastos que entidades de fóra de Pontevedra fixesen nesta, os ingresos obtidos para financiar o evento e os investimentos ou subvencións percibidas de patrocinadores ou entes públicos de fóra da cidade. Non obstante, nesta edición do campionato, a organización non contou con ingresos para a súa celebración segundo os datos proporcionados polo club organizador.

Esta situación está pendente dunha negociación específica entre o club e o concello de cara a compensar os gastos incorridos. Non obstante, ao prover das arcas do Concello non se altera a estimación do impacto económico.

### Impacto económico negativo na cidade de Pontevedra

O impacto económico negativo provén dos gastos que a organización realiza fóra da cidade de Pontevedra. É dicir, aqueles fondos da cidade ou conseguidos pola organización que se trasladaron a outros lugares. Para a celebración do campionato, a organización tivo que acudir a provedores doutros lugares de Galicia e de fóra da comunidade galega.



### Desagregación de gastos segundo a orixe dos provedores.

| CONCEPTO                                                  | IMPORTE    |
|-----------------------------------------------------------|------------|
| Gastos da organización con provedores da cidade           | 18.884,4 € |
| Gastos da organización con provedores do resto de Galicia | 7.234,6 €  |
| Gastos da organización con provedores de fóra de Galicia  | 16.778,0 € |

A seguinte ilustración mostra a repartición dos gastos que a organización realizou con provedores procedentes de fóra da cidade de Pontevedra. Eses gastos supoñerán unha redución de recursos para a cidade.


O importe dos gastos que realizou a organización e que se foron a outros lugares fóra de Pontevedra é de 24.012,6 euros. Este importe constitúe o impacto económico negativo do evento.

### 4.3. Impacto Neto para a cidade de Pontevedra

Na Táboa seguinte, mostramos a xeito de resumo, os gastos e ingresos que teñen repercusión na cidade de Pontevedra e os seus importes totais.

Os gastos nos que incorreu a

### Gastos da organización con provedores de fóra de Pontevedra.



organización fóra da cidade de Pontevedra foron maiores que os ingresos percibidos por esta mesma razón. Isto supón unha redución neta de recursos de 24.012,6 euros.

O impacto económico neto que supuxo a organización do Campionato Master de Natación na cidade de Pontevedra supera os 377.000 euros.

### Gastos e ingresos da organización con repercusión económica na cidade de Pontevedra.

| CONCEPTO                                                        | IMPORTE     |
|-----------------------------------------------------------------|-------------|
| Ingresos totais con repercusión na cidade de Pontevedra         | 0,0 €*      |
| (-) Gastos da organización con provedores de fóra de Pontevedra | 24.012,6 €  |
| (=) Recursos netos que saíron da cidade de Pontevedra           | -24.012,6 € |

\* Este feito prodúcese ao non contar con financiamento de fora do municipio.



## Impacto económico neto do evento

| CONCEPTO                                            | IMPORTE     |
|-----------------------------------------------------|-------------|
| Impacto económico xerado polos asistentes           | 401.154,0 € |
| - Recursos netos que saíron da cidade de Pontevedra | 24.012,6 €  |
| = Impacto económico neto                            | 377.141,4 € |



Outra información de interese consiste no impacto por día de celebración. Así, neste caso, dado que o

evento se prolongou durante catro xornadas, o impacto diario resultante é de 94.285,35 euros.

## Resumo da información do impacto económico

| CONCEPTO                 | IMPORTE     |
|--------------------------|-------------|
| Impacto económico neto   | 377.141,4 € |
| Impacto económico diario | 94.285,35 € |

## 5. Conclusións

### Aspectos económicos

- O impacto económico neto do Campionato achégase aos 380 mil euros (377.141 euros).
- En liñas xerais, os principais beneficiados son os sectores máis relacionados co eido turístico.
- O gasto medio por persoa en aloxamento foi de 119,6 euros, mentres que o gasto en manutención foi de 93,6 euros.
- O aproveitamento das infraestruturas xa existentes resulta clave para a obtención destas cifras tan beneficiosas.
- Un terzo dos asistentes (un 29%) indican uns ingresos anuais superiores aos 30.000 euros o que dá idea da súa capacidade económica.

### Aspectos organizativos

- A satisfacción do turista é fundamental para conseguir a súa fidelización (un 86% son participantes na proba).
- O grao de satisfacción coa organización foi moi elevado (o 98%).

### Aspectos turísticos

- Son turistas deportivos: o 63% dos asistentes non visitaran Pontevedra e outro 20% só viñera unha vez.
- A cidade ofreceu unha moi boa imaxe como lugar para a celebración do evento.
- A percepción é lixeiramente inferior cando se pregunta por Pontevedra como lugar de vacacións.





## Efectos económicos do Campionato



## Efectos organizativos e turísticos do Campionato





**SETrg**  
Universidade de Vigo